



Vigo, 27 de setembro de 2022

Estimadas familias:

Poñémonos en contacto convosco para comunicarvos que temos pensado retomar, como xa se fixo noutros cursos, a actividade de **surf** para o alumnado de IES ROU e as súas familias.

Esta actividade levarase a cabo na praia de Patos pola empresa “Point break Patos-Holas y olas” polo que o desprazamento corre a conta dos/as usuarios/as.

Comezo da actividade: 1 e 2 de outubro e cada semana que haxa usuarios desenvolverase ata final de curso excepto en períodos de vacacións escolares.

Días de actividade: sábados de 11.00 a 13.00 ou de 17.00 a 19.00 horas e domingos de 11:00 a 13:00 horas.

Prezo: 15 € a clase para o alumnado do IES ROU (socios da ANPA), facendo extensible este prezo á unidade familiar (pais/nais e irmáns/irmás). O resto das familias e tíos/tías, curmáns/ás... que queiran asistir deberá pagar á clase a 25 €, que é o seu prezo real.

Serán grupos reducidos, sobre seis alumnos por monitor, e a empresa encargada da actividade aportará o material necesario (táboa e traxe de neopreno).

Cada persoa asistente deberá levar bañador, toalla e chanclas (mellor escafpíns).

- As persoas que desexen participar na actividade deberán enviar **na mesma semana que queiran asistir** (ata o xoves ás 9 h. da mañá) **o nome do/a alumno/a, e pai, nai, titor/a e os nomes dos seus familiares que desexen participar, o horario ao que desexen asistir e un teléfono de contacto** mediante:
 - un correo electrónico ao correo da ANPA: anpa.rou@gmail.com anexando o xustificante de pago co importe desa semana.

OU

- un whatsapp ao teléfono da ANPA 644053299 con captura de pantalla do xustificante do pago

O pago realizarase por bizum no número 658968381 ou na conta da empresa organizadora da actividade: ES65 2100 5095 3702 0001 9520 indicando no Concepto:

Nome completo dos/as asistentes e nome do IES ROU .

Un saúdo e anotádevos... De seguro será divertido

ANPA ROU